



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CENTRO ASOCIADO UNED - A CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA UNED SÉNIOR.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar co Centro Asociado UNED-A Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017; non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar co Centro Asociado UNED-A Coruña e facilitar a consolidación do programa UNED Sénior, que é unha oferta de estudos para aquel sector da sociedade maior que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación actualizada e axeitada ás súas inquiredanzas formativas e intereses culturais. A estes efectos, sempre dentro do marco xeral establecido polo Centro Asociado UNED- A Coruña pero facendo uso da flexibilidade que o programa UNED-Sénior adoptou como un dos seus principios reitores; o programa desenvólvese vinculado ó ámbito rural galego, de tal xeito que as clases non se celebran no Centro Asociado UNED-A Coruña (con sedes nas cidades de A Coruña e Ferrol), senón que se desprazan ó ámbito rural para dar cobertura a unha necesidade formativa específica, á que non daban resposta, ata agora, as universidades presenciais, evitándose deste xeito o solapamento de ofertas similares a un mesmo público demandante.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social e a UNED - A Coruña consideran de interese que as persoas maiores, debido ó aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ó mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre





establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

Conforme ós requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Centro Asociado UNED-A Coruña é unha institución pública que, dentro do marco xeral establecido pola UNED, desenvolve o programa UNED Sénior en concellos de A Coruña e Lugo.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ó que van dirixidas, por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ó ámbito competencial da Consellería de Política Social, conforme ao previsto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 19 de setembro de 2017.

